

- COMEDIAS EALING (E2)
- SERGIO OKSMAN
- CINE ESPAÑOL: BANDA APARTE
- CONTEXTOS: THE ASSASSIN / PHOENIX
- OLLOS ÁVIDOS. OBRAS MESTRAS
DO CINE DE VANGARDA NORTEAMERICANO (1920-1970)

- DESENCADRES
- FÓRA DE SERIE: ESTRÉAS
- OFF GALICIA
- CGAI JÚNIOR
- CINEMASCAPES

XUNTA DE GALICIA

A programación de 2016 comeza coa continuación do ciclo de comedias da Ealing, agora con películas filmadas por Robert Hamer, Henry Cornelius e Charles Chrichton entre 1949 e 1953. Nestes dous meses poderanse ver ademais a práctica totalidade da obra do cineasta de orixe brasileira, mais establecido en España desde hai anos, Sergio Oksman, de actualidade pola estrea e gran repercusión no circuíto internacional de festivais de *O futebol*. En realidade, o cine español estará dobremente representado coas súas películas, mais tamén co ciclo *Cine español: banda aparte* que reúne algúns deses títulos realizados nalgúns casos nas marxes da industria e cuxo principal canal de difusión o constitúen os festivais e as salas alternativas; trátase desas películas de moi diferentes xéneros e ambición que encontran máis dificultades para se faceren un oco nas salas comerciais e que raramente adoitan ser recoñecidas nos Goya.

Baixo a epígrafe de *Contextos* presentamos unha nova sección cuxa pretensión é pór en relación significativas películas actuais con outros títulos ben contemporáneos ou ben clásicos. Comezamos este pequeno xogo con dúas das mellores estreos de 2015, *The Assassin*, de Hou Hsiao-Hsien, e *Phoenix*, de Christian Petzold, a primeira confrontada con outras dúas aproximacións autorais ao xénero do *wu-xia*, as dúas asinadas por Wong Kar-wai; a segunda propón un itinerario a través de dous precedentes, o ambiental (o Berlín da posguerra retratado por Billy Wilder en *Berlín Occidente*) e o temático (a reencarnación dunha muller dada por morta en *Vértigo*, de Hitchcock, da que a película de Petzold é un nada disimulado *remake*).

Ademais das seccións habituais (*Fóra de serie*, *Off Galicia*, *CGAI Júnior* e un novo *Desencadres* dedicado a Stan Brakhage), a programación complétase co ciclo antolóxico da vangarda experimental norteamericana, *Ollos ávidos*, comisariado por Bruce Posner e coorganizado co Reina Sofía e cunha nova colaboración coa Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña, *Cinemascapes*, que a través de proxeccións e debates pretende explorar as relacións entre o cine e a paisaxe (véxase o texto). A primeira proxección, *La infancia de Iván*, servirá ao mesmo tempo para presentar o libro de Andrei Tarkovsky *Escritos de juventud*, coordinado por Andréi Andréievich Tarkovski e José Manuel Mouriño (Abada Editores). Así, este mes hase presentar outro libro, a investigación historiográfica asinada por Héctor Paz Otero, *Poética da derrota. A literatura de Wenceslao Fernández Flórez no cine*, editado por Vía Láctea Editorial e a Fundación Wenceslao Fernández Flórez.

Agradecementos: Miguel Mariño, Diego Romero, Miguel Díaz/MT Producciones, Santos Díaz, Ángel Santos, Sergio Oksman, Cruz López-Cortón, Roi Carballido/Waka Films, Luis Argeo, Pilar Cagiao, José Manuel Mouriño, Canyon Cinema (San Francisco), S8-Mostra de Cinema Periférico, Iván Patiño/Amanita Films, Xabier P.DoCampo, Héctor Paz Otero, José Luis Castro de Paz, Fundación Wenceslao Fernández Florez, Vídeo Mercury, Filмотeca Española (Madrid).

CINEMASCAPES

En colaboración co Grupo de investigación pARQc, Proyecto Arquitectura y Ciudad da UDC (Universidade da Coruña).

É sabido que a irrupción da paisaxe como tema, como disciplina, asóciase á súa representación e, concretamente, á paisaxe pictórica que inicia o seu percorrido no Renacemento e ten episodios tan memorables en Patinir, Claudio de Lorena, Poissin e tantos outros, ata tal punto de que aquilo que lle é propio á pintura, o “pintoresco”, non é senón a paisaxe sobre o plano do lenzo.

Coa aparición do cine a finais do século XIX, o “Fílmico” interpélanos sobre aquela condición que lle é xenuína. Seguindo a Deleuze nos seus estudos sobre Cine, descubrimos o fílmico na imaxe-tempo, imaxe óptica pura, en contraposición á imaxe-acción tan propia do cine de Hollywood. “Esculpir o tempo”, tal e como Tarkovsky nos aprendeu. Recoñecer a verdade do cine en movemento da cámara que cuestiona a acción sobre o plano da pantalla.

O Fílmico, esa inflación do tempo, eses lugares arredados, remítennos á imaxe pura sobre a superficie da

pantalla e por iso á Paisaxe. O Fílmico, a percepción na distracción tal e como recoñeceu Walter Benjamin, puidera ser ademais a aparición da paisaxe sobre o plano da pantalla. Unha cristalización da imaxe en paisaxes, texturas e fantasías.

“Cinemascapes” non como enésima utopía romántico-ecolóxica, senón como a capacidade do cine de nos situar fóra do espazo narrativo que necesariamente nos traslada á condición de campo do lenzo, da pantalla, e á dislocación do par significativo-significado, que nos enfronta descarnadamente ao abismo do desasosiego e das nosas soidades. (Cristóbal Crespo, Emilio Rodríguez Blanco)

OLLOS ÁVIDOS. OBRAS MESTRAS DO CINE DE VANGARDA NORTEAMERICANO (1920-1970)

En colaboración co Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía.

Ollos ávidos é unha antoloxía de cine experimental norteamericano comisariado polo investigador Bruce Posner e que o CGAI-Filмотeca de Galicia presenta en colaboración co Reina Sofía. *Ollos ávidos* comprende unha escolma de 37 filmes recentemente restaurados que introducen as múltiples traxectorias deseñadas polo cine de vangarda nos Estados Unidos dende a década de 1920 deica a de 1970.

Consonte Walter Benjamin, o espectador cinematográfico accede, a través das funcións do seu ollo, ao seu “inconsciente óptico” mercé á capacidade da cámara de captar e subliñar algo que lle resulta transparente, invisible ou inaprensible na vida cotiá. Esa é, para Benjamin, a experiencia básica que ofrece o cine, e que está na base da fascinación que produce, sendo este un dos pulos que alimentou o cine de vangarda ao longo do século XX. No núcleo do cine experimental detéctase unha busca de respostas a eses estados de ansiedade do ollo, un desexo de transcender a realidade. A este ollo concibido como órgano de visión dun espectador famento e inconformista diríxense as películas que compoñen este ciclo.

A escolma céntrase no traballo de diversas xeracións de cineastas activos nos Estados Unidos, onde a temperá recepción da vangarda e a súa transformación nun cine *outro* coincide co desenvolvemento, en sentido oposto, do cine clásico. A década dos anos vinte marca o comezo do programa e os setenta o seu fito final, coa irrupción das prácticas de vídeo e a consecutiva reformulación das funcións específicas do medio cinematográfico. Os filmes deste ciclo expresan conceptos, sensacións, estados de ánimo e elaboracións do intelecto en termos visuais absolutos. Teñen en común diversos principios: a recorrencia á poesía como modelo, o uso de ferramentas plásticas, o rexeitamento da trama narrativa, o desafío á lóxica temporal e, nomeadamente, o modo de produción e distribución persoal.

Así como a poesía alimenta a prosa sen desaparecer, estas películas demostran a resistencia dunha serie de cineastas conscientes de ter nas súas mans un instrumento de pensamento. En retrospectiva, Maya Deren escribiría: “Pensei no interesante que sería que utilizásemos o cine de xeito diferente. Ata daquela fixérase uso del como se se tratase dunha novela que conta unha historia, ou ben como un documental. Non había nada entre eses dous polos, e eu quixen utilizar o cine como medio poético [...]”. Transparéntase así aquel murmuro do verso de César Vallejo, presente en todo o ciclo: “Ollos ávidos, mais de poesía!”. (MN-CARS, folleto do ciclo)

“Este ciclo presenta novas transferencias dixitais en alta definición 1080 p de películas rodadas orixinalmente en 35 e 16 mm. As fontes son tanto copias únicas de arquivo como recentes restauracións e preservacións fotoquímicas procedentes de filмотecas, coleccións privadas ou dos propios cineastas. Algunhas destas copias beneficiáronse dunha restauración dixital 2K integral, tales como *Manhatta* e *Ballet mécanique*, en canto outras víronse enriquecidas pola restauración dixital en HD 1080 p, o caso de *Skyscraper Symphony*, N.Y., N.Y., e *Castro Street*. (...) En conxunto, agora que estas novas transferencias dixitais sorprendan e fagan as delicias tanto daqueles que vexan estes filmes por vez primeira como desoutros espectadores que estaban familiarizados con elas en copias en 16 ou 35 mm.” (Bruce Posner)

PROGRAMA 1: OS ANOS 20
Manhatta. Charles Sheeler e Paul Strand, 1920-21, 12'. 1ª versión coa orquestra de Donald Sosin.
Ballet mécanique. Fernand Léger e Dudley Murphy, 1923-24, 16'.
Anémic Cinéma. Rose Sélavy (aka Marcel Duchamp), 1924-25, 6'.
The Life and Death of 9413-A Hollywood Extra. Robert Florey e Slavko Vorkapich, 1927, 13'.
Skyscraper Symphony. Robert Florey, 1929, 9'.

PROGRAMA 2: OS ANOS 30
Mechanical Principles. Ralph Steiner, 1930, 10'.
A Bronx Morning. Jay Leyda, 1931, 14'.
Lot in Sodom. J.S. Watson, Jr., Melville Webber, Alec Wilder, Remsen Wood e Bernard O'Brien, 1930-32, 26'.
Poem 8. Emlen Etting, 1932-33, 19'.
An Optical Poem. Oskar Fischinger, 1937, 7'.
Thimble Theatre. Joseph Cornell, 1938-1968, 6'.

PROGRAMA 3: OS ANOS 40
Tarantella. Mary Ellen Bute y Ted Nemeth, 1940, 4'.
The Pursuit of Happiness. Rudy Burckhardt, 1940, 8'.
1941. Francis Lee, 1941, 4'.
Meditation on Violence. Maya Deren, 1948, 12'.
Meshes of the Afternoon. Maya Deren e A. Hackenschmied, 1943, 14'.
In the Street. Helen Levitt, Janice Loeb e James Agee, 1945-1952, 17'.

PROGRAMA 4: OS ANOS 50
Four in the Afternoon. James Broughton, 1950-51, 14'.
Abstronic. Mary Ellen Bute e Ted Nemeth, 1952, 6'.
Eaux d'Artifice. Kenneth Anger, 1953, 13'.
Bells of Atlantis. Ian Hugo, 1952-53, 9'.
Evolution. Jim Davis, 1954, 8'.
Gyromorphosis. Hy Hirsh, 1954, 7'.
Hurry, Hurry. Marie Menken, 1957, 4'.
N.Y., N.Y. Francis Thompson, 1949 1958, 15'.

PROGRAMA 5: OS ANOS 60
9 Variations on a Dance Theme. Hilary Harris, 1966-67, 12'.
Castro Street (The Coming of Consciousness). Bruce Baillie, 1966, 10'.
Film That Rises to the Surface of Clarified Butter. Owen Land y George Landow, 1968, 8'.
Excerpt from Walden: Diaries, Notes and Sketches. Jonas Mekas, 1969, 13'.
Our Lady of the Sphere. Lawrence Jordan, 1969, 9'.
3-Screen Reconstruction of Cosmic Ray #1-2-3. Bruce Conner, 1961/1965 (reconstrución 2013). 21'.

PROGRAMA 6: OS ANOS 70
Love it / Leave it. Tom Palazzolo, 1970, 14'.
DL2 (Disintegration Line #2). Lawrence Janiak, 1970, 12'.
Transport. Amy Greenfield, 1970, 6'.
Sappho and Jerry, Pts. 1-3. Bruce Posner, 1977-78, 6'.
Ch'an. Francis Lee, 1983, 6'.
Seasons... Phil Solomon e Stan Brakhage, 2002, 16'.
Manhatta. Charles Sheeler e Paul Strand, 1920-21, 12'. 2ª versión con partitura de Wolfe e Carluzzo.

Agradecementos: Bruce Posner, Chema González, Raquel Arguedas Medina, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (Madrid).



MARTES

xaneiro

12

🕒 18.00 e 20.30 h.

Comedias Ealing

Oro en barras

Charles Chrichton, 1951

78'. DCP. Subt. Castelán.

xaneiro

13

🕒 18.00 e 20.30 h.

Comedias Ealing

Los apuros de un pequeño tren

Charles Chrichton, 1953

84'. DCP. Subt. Castelán.

xaneiro

19

🕒 18.00 h.

Sergio Oksman

Notes on the Other

(2009)

A Story for the Modlins

(2012)

40'. DCP. Subt. Castelán.

Entrada de balde. Presentación: S. Oksman.

xaneiro

20

🕒 18.00 h.

Sergio Oksman

Aesteticista

(2004)

96'. Vídeo. Subt. Castelán.

🕒 20.30 h.

Sergio Oksman

Goodbye America

(2006)

80'. Vídeo. Subt. Castelán.

🕒 20.30 h.

Sergio Oksman

Ofutebol

(2015)

70'. DCP. Subt. Castelán.

Entrada de balde. Presentación: S. Oksman.

xaneiro

26

🕒 18.00 e 20.30 h.

Cine español: banda aparte

El apóstata

Federico Veiroj, 2015

80'. DCP.

xaneiro

27

🕒 18.00 e 20.30

Contextos

The Assassin

Hou Hsiao-hsien, 2015

105'. DCP. Subt. Castelán.

febreiro

02

🕒 18.00 e 20.30 h.

Cine español: banda aparte

Sueñan los androides

Ion de Sosa, 2014

60'. DCP.

febreiro

03

🕒 20.30 h.

Fóra de serie

Un legado de humo

Luis Argeo, James D. Fernández, 2014

50'. DCP. Subt. Castelán.

Entrada de balde. Presentación: Luis Argeo e Pilar Cagiao.



febreiro

10

🕒 18.00 e 20.30

Contextos: Phoenix

Berlín Occidente

Billy Wilder, 1948

116'. DCP. Subt. Castelán.

febreiro

16

🕒 18.00 e 20.30 h.

Cine español: banda aparte

No todo es vigilia

Hermes Paralluelo, 2014

98'. DCP.

febreiro

17

🕒 18.00 e 20.30

Contextos: Phoenix

Vértigo

Alfred Hitchcock, 1958

128'. 35mm. Subt. Castelán.



febreiro

23

🕒 18.00 e 20.30 h.

Cine español: banda aparte

Un día perfecto para volar

Marc Recha, 2015

70'. DCP. Subt. Castelán.

febreiro

24

🕒 18.00 e 20.30

Contextos

Phoenix

Christian Petzold, 2014

98'. DCP. Subt. Castelán.



xoves

xaneiro

07

🕒 18.00 e 20.30 h.

Comedias Ealing

Ocho sentencias de muerte

Robert Hamer, 1949

106'. DCP. Subt. Castelán.

xaneiro

14

🕒 18.00 e 20.30 h.

Fóra de serie

Los hongos

Óscar Ruiz Navia, 2014.

103'. DCP.

xaneiro

21

🕒 18.00 e 20.30 h.

Fóra de serie

Aguas tranquilas

Naomi Kawase, 2014

110'. DCP. Subt. Castelán.

xaneiro

28

🕒 18.00 e 20.30

Contextos: The Assassin

Ashes of Time Redux

Wong Kar-wai, 1994-2008

93'. 35mm. Subt. Castelán.

febreiro

04

🕒 20.30 h.

Ollos ávidos

Programa 1: Os anos 20

(véxanse os títulos no reverso)

55'. Vídeo HD. Subt. Castelán

febreiro

11

🕒 18.00 h.

Ollos ávidos

Programa 2: Os anos 30

(véxanse os títulos no reverso)

83'. Vídeo HD. Subt. Castelán.

🕒 20.30 h.

Ollos ávidos

Programa 3: Os anos 40

(véxanse os títulos no reverso)

59'. Vídeo HD. Subt. Castelán.

febreiro

18

🕒 18.00 h.

Ollos ávidos

Programa 4: Os anos 50

(véxanse os títulos no reverso)

76'. Vídeo HD. Subt. Castelán.

🕒 20.30 h.

Ollos ávidos

Programa 5: Os anos 60

(véxanse os títulos no reverso)

53'. Vídeo HD. Subt. Castelán.

febreiro

25

🕒 20.30 h.

Ollos ávidos

Programa 6: Os anos 70

(véxanse os títulos no reverso)

71'. Vídeo HD. Subt. Castelán



sábado

xaneiro

09

🕒 18.00 h.

Off Galicia/Miguel Mariño

O descubrimento de Américo

(2015)

Lúa

(2014)

Decalcomanía

(2014)

54'. DCP / 16mm. Entrada de balde.

Presentación: Miguel Mariño.

xaneiro

16

🕒 18.00 h.

Off Galicia

Rancor

(Miguel Morales, 2015)

A liña política

(Santos Díaz, 2015)

40'. DCP. Entrada de balde.

Presentación: M. Morales e S. Díaz.

xaneiro

23

🕒 18.00 h.

CGAI Júnior

El chico

Charles Chaplin, 1921

65'. DCP. Subt. Castelán.

Entrada de balde.

xaneiro

30

🕒 18.00 h.

Off Galicia

El secreto del bosque

Antonio Grunfeld Rius, 2015

45'. Vídeo HD. Entrada de balde.

Presentación.

febreiro

06

🕒 18.00 h.

Desencadres

Songs 28-29

American 30's Song

Sexual Meditations 1-6

Stan Brakhage, 1969-1986

80'. 8mm / 16mm. Entrada de balde.

febreiro

13

🕒 18.00 h.

Off Galicia

Os días afogados

César Souto Vilanova e Luis Avilés Baquero, 2015

86'. DCP. Entrada de balde.

Presentación.

febreiro

20

🕒 18.00 h.

Off Galicia

Na outra beira

das augas grandes

Xabier P.DoCampo, 1982-2015

26'. Vídeo. Entrada de balde.

Presentación: Xabier P.DoCampo.

febreiro

27

🕒 18.00 h.

CGAI Júnior

Wallace & Gromit.

La maldición de las verduras

Steve Box e Nick Park, 2005

85'. Vídeo. Versión castelá.

Entrada de balde



CGAI

CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE

FILMOTECA DE GALICIA

Programación | 235 |

xaneiro

febreiro

2016

Información xeral

Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria. A duración dos filmes é orientadora e aproximada. Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade. Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións. As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de

butacas. As sesións sinaladas con signos de exclamación ! sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada

- Xeral: 1'20 €
- Carné Xove: 0'60 €
- Abono para 10 sesións: 9 €
- As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciárase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente). Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións

CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270

Fax: 881 881 271

E-mail: programacion.cgai@xunta.es

Subtitulado electrónico*

Subtitula'm S.L.

Información adicional

www.cgai.org

AGADIC

XUNTA DE GALICIA